

Museo do Pobo Galego / Departamento de Educación e Acción Cultural

Textos

Manuel Rodríguez Calviño
Belén Sáenz-Chas Díaz

Debuxos

Xoán Ramón Marín Martínez

Propostas Didácticas

Ana Estévez Lavandeira
Xosé Manuel Nogueira Rodríguez

Fotografía de portada

Manuel Barreiro. *Fiando o liño*. Forcarei, 1951.

Edita: Museo do Pobo Galego

San Domingos de Bonaval




15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Imprime: Gráficas Sementeira, S.A.

Depósito legal: C-1284-2006



O TECIDO



Patrocina:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE



Museo do Pobo Galego

A necesidade de protexer o corpo contra o frío, a chuvia e outros factores externos, deu orixe ao tecido de fibras naturais para a confección de roupas e prendas de abrigo.

Polo común e, ata ben entrado o século XX, en moitas casas galegas elaborábase fío a partir do liño e da la.

A la, proviña normalmente dos pequenos rabaños de ovelas que se estendían polo país, ou da que se traía de Castela a través dos comerciantes maragatos ou das cuadrillas de galegos que ían á sega a Castela.

A produción de liño en Galicia tivo sempre un carácter doméstico. Cada casa ou familia producía e vendía o seu propio liño. O seu cultivo e transformación era unha actividade complementaria á agricultura e á gandaría, actividades nas que se sustentaba a economía da casa. O traballo derivado da produción do liño era asumido polos membros da familia, neste caso polas mulleres, pois os traballos do liño eran tarefas exclusivamente femininas. Os homes só participaban en contadas ocasións.

Pero ao longo do proceso do liño acumulábase tal cantidade de traballo que non abondaba coa xente da casa para facelo, entón, pedíase axuda aos veciños e parentes próximos. Chegado o día, todos os veciños se xuntaban na casa dos donos do liño para arrigar, mazar, espadelar ou fiar. Cando o traballo estaba rematado, comezaba o xantar que ofrecían os donos do liño como pago á axuda recibida. A comida ofrecida podía variar pero o máis habitual eran as papas de arroz, as castañas asadas e a as patacas con bacallao. Ademais de ofrecer esta comida, os donos do liño quedaban obrigados a cooperar nos traballos daqueles veciños que acudiran na súa axuda. A reciprocidade era a base desta colaboración veciñal.

Estes traballos colectivos do liño remataban sempre en festa, con música, baile, cantigas e xogos. Convertíanse así nun acontecemento social, sobre todo para as mulleres, pois os seus momentos de lecer estaban case sempre asociados aos traballos exclusivamente femininos que realizaban en compañía. Permitían ademais as relacións sociais entre familias e, como non, entre os mozos e as mozas da aldea e da parroquia. Estas xuntanzas, nas que co pretexto do traballo xuntábase toda a mocidade dunha parroquia, eran mal vistas polas autoridades eclesiásticas que chegaron incluso a prohibilas.

O liño foi ademais a materia prima dunha das primeiras iniciativas industriais do país. Sabemos da relativa importancia da actividade téxtil desde antigo, algo ao que fan referencia algúns autores clásicos gregos e romanos. Pero é na segunda metade do século XVIII cando a confluencia de varios factores vai contribuír ao

desenvolvemento da actividade, que terá gran importancia ata os primeiros anos do século XIX.

Neste período vaise producir un considerable incremento da demanda debido, principalmente, ao progresivo empobrecemento da poboación campesiña do interior peninsular, que buscaba produtos téxtiles máis baratos.

Outro feito fundamental foi a apertura en 1764 do porto da Coruña ao comercio colonial, o que supuxo a aparición dun novo e amplísimo mercado en América.

Este importante aumento da demanda, que o liño galego non podía satisfacer, provocou a importación masiva de liño procedente do Báltico e de Rusia, que chegaba aos portos de Ribadeo, Carril e Vigo. Este liño era repartido por todo o país para ser transformado en lenzos que logo se exportaban a Castela e América. Os máis prezados eran os procedentes de Padrón, Caldas e Viveiro, pola superioridade técnica da súa fabricación.

Incluso nesta etapa florecente, a produción de lenzos non deixou de ser unha actividade artesanal con marcado carácter doméstico. Os notables beneficios que a produción de lenzos aportaba á economía familiar motivou que en zonas como Padrón, A Limia e Viveiro, gran parte da poboación rural se dedicara a esta actividade combinada sempre coa práctica da agricultura.


Esta situación florecente deu lugar á proliferación de tecedores e tecedoras así como a feiras e mercados dedicados exclusivamente ao liño nas súas diferentes fases de transformación.

Cara a mediados do século XIX este sistema produtivo non foi capaz de dar o salto a un sistema de produción industrial debido a diversos problemas culturais, económicos e sociais.

Os intentos do goberno, do Consulado da Coruña e dos ilustrados, mediante as Sociedades Económicas de Amigos del País, por mellorar a calidade do liño, coa importación de sementes para renovar as existentes en Galicia e por modificar os sistemas de fiado e branqueado non foron suficientes para industrializar a actividade téxtil. Os lenzos galegos, producidos artesanalmente, tiveron que competir cos novos tecidos de fabricación industrial, máis baratos e de mellor calidade, que procedían de Francia, Bélxica e, sobre todo, de Inglaterra, onde xa se consolidara a industria do algodón.

Desde finais do século XIX e principalmente ao longo do século XX, o cultivo do liño e a produción de lenzos en Galicia foise abandonando progresivamente ata desaparecer cara a década dos 60 cando se fan as últimas sementeiras de liño no noso país.

O LIÑO



A ARRIGA
Arríncase a planta de raíz

A RIPA
Sepáranse os talos da semente


A MAZA
Rómpense os talos da planta



A TASCA
Selecciónanse as febras de liño pola súa calidade, separando o liño fino dos tascos e da estopa

A ESPADELA

A ASEDA




O FIADO
Convértese liño en fío coa roca e o fuso

O ENSARILLADO
Fanse as madeixas

O DEBANDADO
Fórranse os novelos

A LA




DMABU

O RABAÑO



DMABU ATE

A RAPA



DMABU


O CARDADO

Trala rapa hai que limpar e esponxar a la. Logo alísase e peitéase coas cardas



DMABU

O FIADO



DMABU

O TORCIDO


A la fiase do mesmo xeito có liño. Se a la se vai usar para calcetar, hai que torcer o fio para que adquira maior consistencia e grosor

O TECIDO


O URDIDO



O CANELADO



O TEAR



Prepáranse os fíos que van a constituír a urdime e a trama que, no tear, darán lugar ao tecido

PROPOSTAS DIDÁCTICAS

INFANTIL

1. Lelo é o noso novelo de la. Os compañeiros da aula queren xogar con el. Pómonos todos en roda. No centro estará Lela *a araña* que nos vai guiar na maneira de facer unha arañeira con Lelo. Nós iremos lanzando a Lelo, que, no seu voo, irá soltando o fío para construír a arañeira. Lela iranos dicindo como: primeiro os que leven pantalón vaqueiro, logo os de ollos castaños, despois os que naceron no outono, máis tarde todos á vez... ela saberá como guiarnos.

2. Lelo ten moitos amigos. Son outros elementos que podemos usar tamén como se foran fíos. Con eles, igual que con Lelo, poderíamos tecer. Tedes que ir buscalos: vimbios, cordeis, tiras de trapo, de papel, xuncos... Podemos ademais tinguilos para que, igual que Lelo, teñan cores brillantes e vistosas.

ÁREA	OBXECTIVOS	CONTIDOS		
		CONCEPTOS	PROCEDE- MENTOS	ACTITUDES
1e2. Comunica- ción e represen- tación oral. Identidade e autonomía per- soal.	Comprender e formular ora- cións sinxelas. Comprender mensaxes orais. Coordinar a vista e a man en actividades de precisión. Manter interese e constancia nas actividades ma- nipulativas. Regular o pro- pio comporta- mento no xogo. Utilizar correc- tamente algun- has técnicas plásticas. Gozar das actividades plásticas.	O xogo simbó- lico. As diferentes actividades dunha xornada escolar: a hora do xogo. Hábitos de rela- ción: respectar as quendas. Seriación lóxi- ca.	Participación activa nas acti- vidades propos- tas, individuais e colectivas. Coordinación óculo-manual en actividades de precisión. Percepción das características dos obxectos a partir da súa manipulación. Utilización das técnicas plásti- cas.	Gusto por par- ticipar en acti- vidades colecti- vas. Interese e moti- vación nas acti- vidades mani- pulativas. Actitude posi- tiva para com- partir. Constancia e interese nas ac- tividades que comportan pre- cisión

1º CICLO DE PRIMARIA

1. Para esta actividade haberá que ter antefaces que teredes que pór ou tamén podeades pechar os ollos. Iso si. Teredes que mantelos ben pechados. O mestre/a iravos pasando diferentes tipos de tecido que teredes que ir tocando mentres dicides en alto as súas características: se é suave ou basto, fino ou grosso, frío ou quente, etc. Logo o mestre/a contaravos máis cousas de cada un: se son naturais ou sintéticos, para que se poden usar ou de onde proceden

2. Imos xogar con adiviñas. Aquí propomos dúas pero seguro que o teu mestre ou mestra vaiche axudar a atopar máis.

Tan longo como un camiño
Prové do vexetal
E a pesar da súa extensión
Nun cestiño pode estar
(o liño)

Dinme algo e non son nada
dinme don e non o son.
(o algodón)

Tamén nas cantigas se fala dos tecidos. Nós propomos que leades estas dúas e tentedes esclarecer a que ou quen se refiren exactamente.

Este é o tempo de tróupele, tróupele,
Este é o tempo de troupelear,
Este é o tempo de mazar o liño,
Este é o tempo de o liño mazar.

Arrigai, arrigadeiras,
daille liño aos ripadores
que xa veu a primavera
E ei de tomar dos amores

3. Cuns cantos compañeiros, imos facer un tear humano. Imos colocar a cinco dun lado, e a outros cinco xusto enfronte, como a 2 m. de distancia. Cada un deles, con aquel que ten enfronte, terá que soste un fío de la duns 2 m. tamén. Os demais, colleremos un novelo ben grande doutra cor. Ataremos o extremo do novelo ao fío que sosteñen os compañeiros. O no terá que facerse no extremo dun dos fíos que queden aos lados. Comezaremos, un de nós, a tirar do fío do novelo e irémolo pasándoo en horizontal, por riba dos fíos verticais dos outros compañeiros. Ao chegar ao outro lado, pasarémoslle o fío a outro compañeiro que deberá ir no sentido contrario e pasando o fío por baixo dos verticais. Así ata que comecemos ver que estamos a crear unha tea de la. Coidado co novelo. Pódese enguedellar todo.

4. Imos facer debuxos coa la. Teremos que ter la de cores, agullas de coser escolares, punzóns e cartolinas. Primeiro copiamos un debuxo con trazos grandes na cartolina (por exemplo unha casa feita con cadrados e triángulos). A continuación faranse buratos co punzón ao longo dos trazos do debuxo. Por último, teremos que coser o debuxo coas las de cores, meténdoas polos buracos que fixemos antes.



CONTIDOS

ÁREA	OBXECTIVOS	BLOQUE	CONCEPTOS	PROCEDIMIENTOS	ACTITUDES
1. Medio físico e social	Observar e explorar o entorno físico-social planificando e ordenando en función da información percibida e recibida	Os Obxectos	Obxectos habituais e atributos físicos dos obxectos.	Exploración a través dos sentidos e identificación das sensacións que producen	Curiosidade ante os obxectos e interese pola súa exploración
2. Lingua	Comprender, reproducir e recrear textos da tradición oral, mostrando actitudes de deleite, valoración e interese. Comprender intencións e mensaxes que comunican os outros	Linguaxe Oral	Textos orais da tradición cultural	Comprensión e reprodución de textos da tradición oral individual e colectivamente. Produción de textos orais sinxelos segundo estruturas formais de rimas, cancións, adiviñas...	Interese por participar en situacións de comunicación oral de diverso tipo. Atención e interese cara os textos tradicionais.
3. Matemáticas	Usar as posibilidades de distintas formas de representación e comunicación. Representación Matemática	Relacións, medida e representación no espazo.	As formas e corpos no espazo	Resolución de problemas que impliquen a aplicación de operacións sinxelas como engadir e distribuír. Uso das nocións básicas para explicar a localización propia ou dalgunha persoa.	Interese por precisar a descrición de situacións, orientacións e relacións. Gusto por contar e comparar, así como por actividades que impliquen por en práctica coñecementos sobre as relacións entre obxectos.
4. Expresión Plástica	Uso de distintas técnicas e recursos de representación e expresión.	Elaborar Composicións Plásticas	Técnicas de dúas dimensións	Planificación no proceso de elaboración e manipulación de instrumentos e materiais diversos.	Curiosidade por explorar técnicas e materiais. Satisfacción e seguridade ante a realización propia e valoración das dos demais.

2º CICLO DE PRIMARIA

1. Buscade nun dicionario os significados das seguintes palabras e facede unha frase con cada unha delas: *Sementeira, Sarillo, Liñaza, Tomentos, Aixada, Estopa*. Indagade en que outros contextos e con que significado se utilizan *Sarillo* e máis *Estopa*.

2. A Elvira, Andrea e maila Carmiña andan co liño. Están a separar o liño en mazas. Dúas mazas forman un par. Elas teñen xa feitos 11 pares e medio. Cantas mazas separaron?

Os augadoiros fórmanse con 12 pares. Cantas mazas son en total? Teñen pensado rematar a xornada con 3 augadoiros. Cantas mazas deberán facer? E cantos pares?.

3. Pescudade se na vosa zona se conservan elementos ou tradicións relacionados cos labores téxtiles; Recolledede información ao respecto con notas, debuxos, gravadoras, fotografías ou vídeo. Despois, na aula, poñede en común a información obtida e comparádea coa información desta unidade a ver que similitudes e/ou diferenzas atopades. A segunda parte da actividade implica que consigades saber –preguntando aos profesores, na biblioteca do centro, na internet...– cal é o funcionamento actual dunha industria téxtil. Comparade os cambios na produción dos tecidos e da roupa.



CONTIDOS

ÁREA	OBXECTIVOS	BLOQUE	CONCEPTOS	PROCEDIMIENTOS	ACTITUDES
1. Lingua e Literatura	Utilización da linguaxe como instrumento para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes.	Lectura e Escritura	Comunicación escrita como fonte de diversión, formación e información, e como medio de expresión de valores sociais e culturais.	Utilización adecuada do diccionario para a interpretación e produción de textos.	Valoración da lingua escrita. Interese pola lectura como fonte de pracer e como medio de formación, información e recepción do legado cultural.
2. Matemáticas	Aprendizaxe de operacións sinxelas de cálculo	Números e Operacións	Suma, resta, multiplicación e división. Identificación das operacións inversas	Uso de diferentes estratexias para resolver problemas numéricos	Apreciar a utilidade dos números na vida cotiá.
3. Coñecemento do medio natural, social e cultural.	Participar en actividades grupais adoptando un comportamento solidario e un funcionamento democrático. Fomentar a comprensión do presente descubriendo o pasado, interpretando feitos, establecendo relacións e entendendo os cambios.	A vida no pasado	Cambios dalgún aspecto básico da vida cotiá ao longo da historia.	Realización de traballos sobre a historia empregando fontes orais, escritas ou restos materiais.	Sensibilidade e respecto ante as crenzas e formas de vida das culturas afastadas dos nosos gustos e opcións persoais.

3º CICLO DE PRIMARIA E 1º CICLO DA ESO

1. Sobre un mapa de Galicia, sitúa os lugares onde se facían os lenzos máis prezados. Fai unha pequena relación con eles e describe a súa situación (se son lugares na costa, no interior ou nas serras, en que punto cardinal se atopan, a que provincia pertencen e se non son concello en cal están). Escolle tres destes lugares. Fai unha pequena descrición das súas características en canto ao relevo, ríos ou rías, etc...

Le a introdución da unidade didáctica. Localiza nun mapa de Europa os países de onde chegaban os tecidos que competían cos lenzos galegos de produción artesanal.

2. Diríxete á biblioteca do teu centro e busca como se desenvolve unha moderna industria téxtil. Compara cos antigos métodos e instrumentos para obter o fío e realizar tecidos. Fai un sinxelo estudo comparativo no que se indiquen a enerxía coa que funcionan cada unha delas e as diferenzas no proceso de transformación.

3. Hai non moitos anos, cada pobo medía as cousas con sistemas diferentes. Busca que medidas eran as máis usadas en Galicia e fíxate naquelas que tiñan que ver co tecido. Cal é a súa equivalencia no sistema métrico? Por certo, cando se inventou o sistema métrico?.

4. Trátase de tinguir. Imos precisar de: culler, recipientes de plástico, coador, pincel, verduras ou hortalizas de cor intenso como a remolacha ou as acelgas, alcohol, un anaco de tecido de orixe natural –por exemplo: algodón, liño ou la branca–. Se queres podes probar cunha camiseta vella de cor branca. Corta a verdura ou hortaliza en anaquiños. Colócaos no recipiente e cóbreos co alcohol. Déixao repousar un chisco e machuca a verdura contra o fondo do recipiente con axuda dunha culler. Déixao repousar de novo uns minutos e logo coa as verduras quedando co líquido. Con esta tinguidura podes pintar sobre a camiseta ou a tea que elixiras ou, se fixeches suficiente cantidade, podes mergullar a tea nun balde cheo deste líquido e tinguíla totalmente. Se investigas un chisco sobre como tinguir cando non hai ou non se queren usar as tinguiduras artificiais, verás que se parece moito ao que acabas de facer.

5. Imos construír un tear. Precisamos os seguintes materiais: dous listóns de madeira de 20 cm e outros dous de 30 cm. (pódense reciclar madeiras de caixas de froita, recortes dalgunha carpintería ou almacén de madeiras...). Cola branca e 40 cravos de cabeza pequena. Metro e martelo. La de cores e agulla de coser la.



O primeiro é pegar os anacos de madeira formando un rectángulo. O mellor é cortalos acabando en ángulo nos seus extremos. Nos dous lados máis curtos, márcanse os cm. e, en cada un deles, crávase un cravo. Coa la, vaise facendo a urdime, para o que se ata un extremo de la no primeiro cravo dun dos lados, lévase ata o cravo do lado contrario, rodéase e vólvese ao segundo cravo do lado onde comezamos. Repetimos a operación ata rematar con todos os cravos, atando o outro extremo de la ao último.

Enfiamos la de diferente cor na agulla, deixando que colgue un chisco dun dos extremos. Facemos un nó no primeiro fío da urdime e comezamos pasar a la entre a mesma. Para isto pásase a agulla coa la por riba do primeiro fío da urdime, logo por baixo do seguinte, para volver a pasalo por riba do terceiro e por baixo do cuarto. Así alternativamente ata rematar a primeira pasada. Voltamos facer o mesmo pero cara ao outro lado. Isto repítese ata rematar con toda a urdime e ver que temos un anaco de tecido.

Pódense facer deseños simples cambiando a cor das las, ben debuxando bandas ben alternando fíos de diferente cor en cada pasada.

CONTIDOS

ÁREA	OBXECTIVOS	BLOQUE	CONCEPTOS	PROCEDIMIENTOS	ACTITUDES
1. Ciencias Sociais	Identificar as principais características físicas de Galicia.	As Paisaxes	Localización e orientación espacial: planos, mapas. Elementos que configuran a paisaxe natural.	Iniciación a técnicas de orientación espacial. Uso e elaboración de mapas sinxelos.	Valoración da diversidade de paisaxes no propio país e da riqueza dos mesmos noutros territorios.
2. Lingua	Comprender, reproducir e recrear textos da tradición oral, mostrando actitudes de deleite, valoración e interese. Comprender intencións e mensaxes que comunican os outros.	Linguaxe Oral	Textos orais da tradición cultural	Comprensión e reprodución de textos da tradición oral individual e colectivamente. Produción de textos orais sinxelos segundo estruturas formais de rimas, cancións, adiviñas...	Interese por participar en situacións de comunicación oral de diversos tipo. Atención e interese cara os textos tradicionais.
3. Matemáticas	Representación Matemática	A medida		Resolución de problemas que impliquen a aplicación de operacións sinxelas como engadir e distribuír. Uso das nocións básicas para explicar a localización propia ou dalgunha persoa.	Interese por precisar a descrición de situacións, orientacións e relacións. Gusto por contar e comparar, así como por actividades que impliquen por en práctica coñecementos sobre as relacións entre obxectos.
4. Coñecemento do Medio/ Tecnoloxía	A orixe das materias primas/ Recoñecer a orixe. Actividade económica, características e aplicacións dun material e/ou produto.	Actividade Económica/ Distinguir manufacturas artesanais de produtos industriais.	A actividade artesanal/ Materiais e produtos naturais.	Distinción entre actividade artesanal e industrial/ Análise das propiedades e usos dos produtos de orixe vexetal	Valoración de todos os oficios/ Interese por coñecer distintas aplicacións dos vexetais
5. Tecnoloxía	Deseño dun mecanismo que cumpre unha función. Planificar materiais e ferramentas para levar a cabo a construción	Estudo das materias téxtiles	Proceso de fabricación dos tecidos	Deseño e realización dun tecido	Valoración dos procesos de transformación das materias téxtiles e da súa importancia na mellora da calidade de vida. Satisfacción ante un traballo ben feito.

2º CICLO DA ESO E BACHARELATOS

1. Proxectar no centro “ O carro e o home”. Deberedes identificar, entre as actividades levadas a cabo polos habitantes de Lobeira, aquelas relacionadas co proceso de transformación do liño. Observade o reparto das tarefas na película e comparade coa actualidade. Que diferenzas atopades? Credes que a concepción do traballo é igual á que temos na actualidade?. Argumentade as vosas respostas .
2. O comercio de radio local era realizado no Antigo Réxime en feiras e mercados, moitas veces especializados nun produto. Lede o texto de Lucas Labrada de 1804 sobre o tema (Textos e materiais para a Historia de Galicia. Ed. Crítica. 1990.). Comentádeo fixándovos na situación que se describe no mesmo con respecto ao tema do tecido e a súa comercialización. Sería axeitado que falárades do tema das feiras como sistema de comercio tradicional e a súa pervivenza hoxe.
3. Lede o texto de Lucas Labrada de 1804 sobre os mercados e o de F. Cónsul Jove de 1794 sobre as limitacións da industria tradicional dos lenzos(Textos e materiais para a Historia de Galicia. Ed.Crítica. 1990). Deberedes facer un comentario sobre as posibles dificultades da sociedade galega para sumarse ao proceso de industrialización que se estaba a dar en Europa.
4. Observade o proceso de transformación e de produción tradicional do liño e a la así como a produción dos mesmos tecidos nun proceso fabril actual. Tratade tamén de buscar información sobre a produción dalgunha fibra téxtil sintética. Seguide o proceso dende a obtención da materia prima ata os tinguidos e/ou estampados e a comercialización. Comparádeos e facede unha táboa na que se estimen os seguintes elementos: tecnoloxía usada; tipo de enerxía/s utilizada/s; persoas necesarias e tempo; finalidade destes tecidos; destino dos mesmos unha vez usado. Unha vez feita a estimación en cada un deses puntos valorade as vantaxes e desvantaxes de cada produto.

CONTIDOS

ÁREA	OBXECTIVOS	BLOQUE	CONCEPTOS	PROCEDIMENTOS	ACTITUDES
1. Historia/ Historia do mundo contemporáneo	As fontes históricas como medio para comprender o modelo económico e político.	Galicia no século XX/A economía galega na postguerra	A sociedade tradicional galega	Interpretación e análise de producións cinematográficas como fontes históricas	Interese polo coñecemento de outros momentos da historia e das súas consecuencias. Apreciar os valores do cine máis alá do divertimento.
2. Historia	Identificar os trazos da sociedade e a economía do XIX en Galicia	Galicia no XIX	A importancia das manufacturas e o comercio.	Interpretación e análise de textos históricos. Os textos como fonte de coñecemento histórico	Interese polo coñecemento de outros momentos da historia e das súas consecuencias
3. Historia do mundo contemporáneo	Comprender o sistema produtivo no antigo réxime e as dificultades dos cambios que se comezan a desenvolver.	O século XVIII. A ilustración	Dos obradoiros gremiais ás manufacturas. O comercio.	Interpretación e análise de textos históricos. Os textos como fonte de coñecemento histórico	Interese por coñecer os inicios do pensamento da nosa era.
4. Tecnoloxía Industrial	Identificar fibras téxtiles e clasificalas segundo a orixe.	As fibras téxtiles e os tecidos.	Observación e análise do proceso de obtención de fibras e fíos	Valoración crítica do uso das fibras naturais fronte as sintéticas.	Interese pola orixe e procesos dos produtos e que utilizamos.



PARA SABER MÁIS

Podes visitar a Sala do Tecido do Museo do Pobo Galego.

Ver a película *O carro e o home*.

Ou ler a:

LORENZO FERNÁNDEZ, X.: *Etnografía. Cultura material*. En Historia de Galicia. Bos Aires , 1962.

RODRÍGUEZ CALVIÑO, M. e SÁENZ-CHAS DÍAZ, B.: *O tecido*. Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela, 2000.